Conectividade, ciberseguridade e retos para as empresas galegas nunha xornada con R, Orange e Quincemil

- ***A cita é o vindeiro 12 de novembro no Nordés Club Empresarial, onde se celebrará un almorzo tecnolóxico dirixido a responsables de negocio de medio cento de empresas galegas.***

- ***O acto xirará ao redor das decisións tecnolóxicas transcendentais para a competitividade da empresa galega e os seus desafíos perante a transformación dixital.***

Martes, 10 de novembro de 2026. - **R**, o operador de telecomunicacións líder en Galicia, xunto á área de Empresas do seu grupo, **Orange** España, e o diario dixital **Quincemil,** organizaron unha xornada dirixida a altos responsables de empresas galegas centrada na conectividade, a ciberseguridade e os **retos actuais do tecido empresarial** no territorio.

O acto desenvolverase o vindeiro xoves 12 de novembro no Nordés Club Empresarial da Coruña a partir das 9:30h, onde se reunirán representantes do mundo empresarial e institucional galego para analizaren de que maneira a intelixencia artificial, a hiperconectividade e a ciberseguridade están a mudar o día a día das empresas en Galicia.

Desafíos empresariais, decisións estratéxicas

Abordaranse os principais desafíos desa transformación dixital e, sobre todo, o seu impacto na **competitividade das entidades**, con acento nas decisións tecnolóxicas que marcarán a diferenza para non ficar atrás.

Baixo o título ***"Conectados e protexidos: os retos dixitais da empresa galega***", a xornada comezará coa presentación do evento por parte de Alfredo Ramos, director de **R** e territorial de Orange en Galicia, e de Pablo Grandío, director de Quincemil.

José Antonio Rodríguez Argüello, consultor de Innovación e 5G de **R** e Orange Empresas, falará sobre "*As decisións tecnolóxicas que marcarán a competitividade da empresa galega nos vindeiros anos*".

Deseguido comezará unha mesa redonda moderada por Quincemil, sobre *"Os desafíos da empresa galega perante a transformación dixital",* na que intervirán o propio Argüello e tamén Adrián Bertol, director tecnolóxico e de estratexia de negocio IA de Orange; Gerardo García, director xeral de Itelsis; Sergio Castro, xefe de servizo de Tecnoloxías da Información do Concello de Oleiros e Noemí Gil, directora TIC de Congalsa.

Para rematar abrirase unha **rolda de preguntas** na que os/as participantes poderán expor as súas dúbidas e intereses en torno ao tema dos retos dixitais da empresa galega.



comunicación R
prensa@mundo-r.net
R.gal